



FORMAS INSTRUMENTAIS



Las formas instrumentales



SONATA

A sonata que vimos nacer durante o Barroco, cambia radicalmente coa chegada do Clasicismo, dotándose dunha forma moi estrita que debe seguir o músico. Os cambios son:

- Sometemento a unha estrutura moi determinada.
- División da sonata en 3 ou 4 tempos (sonata tripartita ou cuatripartita), aos que pode anteceder unha especie de introdución lenta.
- O 1ª movemento é o máis normativo e chámase "forma de sonata" por antonomasia.
- Establecemento con claridade das relacións harmónicas

SONATA IN C MAJOR;ALLEGRO

<https://www.youtube.com/watch?v=Xvx3oQuDdJI>

SINFONÍA

A sinfonía é unha gran sonata para orquestra; segue, por iso, a forma de sonata, aínda que, ao non ser un instrumento só o que toca, senón toda unha orquestra, adoita ser un pouco máis complexa. Recolle unha serie de influencias:

-A evolución da Obertura de ópera. Xa vimos que a abertura en Nápoles tiña tres movementos.

-A estes tres movementos engádese un cuarto: o minueto, co que temos os catro movementos dunha sinfonía.

-Estes cambios son realizados no norte de Italia, por compositores como Giovanni

SINFONÍA NO 5; <https://www.youtube.com/watch?v=-EVvxdqI3MM>

CONCERTO

A música sinfónica durante o Clasicismo tivo outra forma moi importante, o concerto solístico, que se pode definir como unha composición para orquestra e un instrumento solista. Os elementos básicos desta forma son:

- O concerto solístico non ten nada que ver co concerto grosso barroco.
- É en realidade como unha sinfonía compartida entre a orquestra e un solista
- A forma do concerto é xeralmente a mesma da sonata e da sinfonía
- O último movemento é case sempre un Rondó, que permite a brillantez do final

CONCIERTO CLASICISMO;

<https://www.youtube.com/watch?v=XrFBEWlcSCU>

CUARTETO

O conxunto perfecto para a música de cámara é o cuarteto de cordas, composto por dous violíns, viola e cello. O cuarteto de cordas pode producir unha harmonía a catro voces, correspondentes a soprano, contralto, tenor e baixo. Tamén permite que unha melodía sexa acompañada por unha harmonía plena dos outros tres instrumentos. Cada un dos instrumentos pode funcionar melódica ou harmónicamente ao longo dunha ampla tesitura.

O esquema de sonata úsase para o resto das formas de cámara, de maneira que un dúo é unha sonata para dous instrumentos; e un cuarteto, unha sonata para catro. Todas poden formarse con calquera clase de instrumentos. Serán moi habituais os tríos, cuartetos e quintetos.

NO 14 OPUS 131 (BEETHOVEN);

<https://www.youtube.com/watch?v=FK9rhKTPqZI>